



Freestyle People School é un programa socioeducativo innovador que utiliza o freestyle rap, a improvisación e as artes urbanas como ferramentas para promover a convivencia positiva, a educación emocional, a inclusión e a prevención das diferentes formas de violencia entre iguais.

O programa está desenvolvido por Freestyle People, o primeiro grupo de freestyle inclusivo formado maioritariamente por mozos e mozas con discapacidade intelectual e outros mozos en situación de vulnerabilidade social, impulsado pola Asociación Poten100mos e Gallos del Norte.

A proposta pretende achegar aos centros educativos da Coruña unha metodoloxía próxima á mocidade, baseada na participación activa, na creación artística e na aprendizaxe entre iguais, abordando dúas das principais problemáticas detectadas actualmente nos centros educativos:

- O ciberacoso e a violencia dixital.
- A violencia de xénero e o acoso sexual entre adolescentes.



FREESTYLE PEOPLE SCHOOL

**Prevención do acoso escolar e
promoción da convivencia
a través do
freestyle inclusivo**

En Freestyle People School cremos que o freestyle é moito máis ca música: é unha ferramenta educativa capaz de transformar a convivencia nas aulas.

A nosa misión é fomentar o respecto, a inclusión e a convivencia positiva a través do freestyle inclusivo, creando espazos seguros onde cada mozo e moza poida expresarse, sentirse valorado e ser escoitado.

Partimos dos valores da cultura urbana para construír comunidades educativas máis empáticas, diversas e cohesionadas. A través da improvisación, o alumnado desenvolve habilidades clave como a escoita activa, a empatía, a expresión emocional, o respecto á diversidade e o sentimento de pertenza ao grupo.

Cun enfoque próximo, participativo e inclusivo, levamos ás aulas unha metodoloxía innovadora para previr o acoso escolar, o ciberacoso e a violencia de xénero.

Freestyle People estará presente en todo o proceso: actuacións, xogos, experiencias persoais, improvisacións e creación artística.

Así conceptos como igualdade, límites, autoestima, empatía e respecto trabállanse desde a experiencia e a participación, non desde unha charla teórica.

Porque cando a palabra une, a violencia perde a súa voz.



NOSA MISIÓN

FREESTYLE PEOPLE SCHOOL



0 PROBLEMA

60%+

DENUNCIAS
REXISTRADAS

**1 de
cada 5**

ESTUDIANTES
AFECTADOS

40%+

IMPACTO
EMOCIONAL SEN
INTERVENCIÓN



O freestyle o rap improvisado é unha ferramenta educativa especialmente eficaz porque conecta de maneira natural coa linguaxe, os intereses e as formas de expresión da mocidade.

A través da improvisación, a palabra e a creación colectiva, o alumnado participa activamente, aprende a escoitar, a respectar diferentes puntos de vista e a expresar emocións e conflitos dun xeito positivo e creativo.

Ademais, permite traballar valores como a empatía, a inclusión, o respecto á diversidade e a prevención do acoso desde a experiencia directa e non desde discursos teóricos. No caso de Freestyle People, o impacto multiplícase ao estar liderado por mozos e mozas con e sen discapacidade que se converten en referentes reais de superación, convivencia e participación, demostrando que a diversidade é unha fortaleza e non unha barreira.

**Freestyle People School converte
o freestyle nunha ferramenta
educativa capaz de previr o acoso
escolar, fortalecer a convivencia
e crear referentes positivos que
inspiran o cambio dentro das
aulas**



NOSA SOLUCIÓN

**UNHA FERRAMENTA
EDUCATIVA E SOCIAL
CON IMPACTO**



PROGRAMA



BLOQUE 1: Presentación

COÑECÉMONOS E CONSTRUÍMOS COMUNIDADE



BLOQUE 2: Prevención do ciberacoso e da violencia dixital

CAMPAÑA CREATIVA "RIMANDO POLO RESPECTO DIXITAL



BLOQUE 3: Prevención da violencia de xénero e educación emocional

DECÁLOGO DE BOAS RELACIÓNS E CONVIVENCIA POSITIVA



BLOQUE 4: Freestyle, expresión artística e acción colectiva

CREACIÓN ARTÍSTICA FINAL POR AULA O CENTRO EDUCATIVO



BLOQUE 5: A Coruña rima contra as violencias

ENCONTRO MUNICIPAL DE CONVIVENCIA INCLUSIÓN E PARTICIPACIÓN INFANTIL

CRONOGRAMA E CONTIDOS

NOVEMBRO A XANEIRO

BLOQUE 1: Prevención do ciberacoso e da violencia dixital (3 sesións)

Contidos:

- Sesión 1: “Na rede todo rima... Pero non todo vale”
- Sesión 2: “A miña vida, as miñas regras”
- Sesión 3: “Se o ves, non mires para outro lado”

XUÑO

A Coruña rima contra as violencias

Contido:

Espazo de celebración, aprendizaxe compartida e visibilización das producións creadas ao longo do curso, mostrando o compromiso da comunidade educativa coa inclusión, a igualdade e a convivencia positiva.

MAIO

Freestyle, expresión artística e acción colectiva (2 sesións)

Contidos:

- Freestyle e improvisación.
- Creación musical colectiva.
- Comunicación de mensaxes de sensibilización.

NOVEMBRO

Presentación

Contidos:

- Presentación de Freestyle People.
- Dinámicas de cohesión e participación.
- Diagnóstico participativo sobre convivencia.
- Identificación de preocupacións e retos do alumnado.

FEBREIRO A ABRIL

Prevención da violencia de xénero e educación emocional (3 sesións)

Contidos:

- Sesión 1: “Querer ben é respectar”
- Sesión 2: “O meu corpo, a miña voz, os meus límites.”
- Sesión 3: “Todas as voces contan”

EQUIPO DE INTERVENCIÓN

Freestyle People School será desenvolvido pola Asociación Poten100mos, unha ONG con máis de 10 anos de experiencia en proxectos de inclusión socioeducativos e comunitarios.

O equipo asignado a este proxecto combina experiencia en educación, inclusión social, intervención con persoas vulnerables e cultura freestyle.

A nosa metodoloxía baséase na aprendizaxe entre iguais, polo que ás competencias técnicas do equipo profesional súmase a participación activa de 3 a 5 membros de Freestyle People como referentes positivos para o alumnado.





Artistas de Freestyle People

FACILITADORES DE INCLUSIÓN E REFERENTES POSITIVOS

Freestyle People é o primeiro colectivo de freestyle inclusivo da historia, formado maioritariamente por mozos e mozas con discapacidade intelectual e outros en situación de vulnerabilidade social. Nacido da colaboración entre Gallos del Norte e a Asociación Poten100mos, o grupo desenvolve desde 2024 talleres semanais, actuacións e proxectos de inclusión a través da cultura urbana.

Os seus integrantes achegan ás aulas experiencias reais de superación, diversidade e convivencia, converténdose en referentes próximos e inspiradores para o alumnado e demostrando que a inclusión tamén pode liderar e transformar.

Álvaro Pumares

FACILITADOR ESPECIALIZADO EN FREESTYLE EDUCATIVO E INCLUSIVO

Álvaro é xornalista, especialista en comunicación e cultura freestyle, con máis de cinco anos de experiencia no deseño e desenvolvemento de talleres educativos e actividades de inclusión social a través das artes urbanas.

Nos últimos dous anos traballa de forma continuada coa Asociación Poten100mos como facilitador de Freestyle People, impartindo talleres semanais con mozos e mozas con discapacidade intelectual e en situación de vulnerabilidade. A súa experiencia na dinamización xuvenil, a educación non formal e o freestyle como ferramenta de expresión emocional convérteno nun perfil idóneo para traballar a convivencia, a prevención do acoso e o respecto á diversidade nas aulas.

Cristina De La Puente

COORDINADORA DO PROGRAMA E PROFESIONAL DE APOIO Á DIVERSIDADE

Cristina conta con máis de 20 anos de experiencia no deseño, coordinación e avaliación de proxectos de inclusión social dirixidos a persoas con discapacidade, infancia, mocidade e colectivos vulnerables. Dende hai máis de 11 anos dirixe a Asociación Poten100mos, impulsando iniciativas innovadoras de participación comunitaria e cultura inclusiva como DiversidArte, Freestyle People ou a Banda DiversidArte. A súa ampla experiencia en intervención social, accesibilidade, traballo con persoas con discapacidade e coordinación con administracións públicas e centros educativos convértea nunha profesional de referencia para garantir a inclusión, a adaptación ás diferentes necesidades do alumnado e a correcta execución do programa.

LOXÍSTICA E ORGANIZACIÓN NOS CENTROS EDUCATIVOS

O programa está deseñado para facilitar a súa integración na dinámica habitual dos centros educativos cunha organización sinxela e flexible

Grupos participantes: Cada centro poderá participar con ata dúas aulas de 5.º e 6.º de Educación Primaria, cun máximo aproximado de 50 alumnos e alumnas.

Espazo: As sesións poderán desenvolverse tanto en **espazos exteriores**, como patios ou zonas deportivas, coma en **espazos interiores** amplos, como auditorio ou salón de actos, aula de grandes dimensións, pavillón, ximnasio ou outro espazo diáfanos do centro. Recoméndase un espazo sen mesas ou con mobiliario que permita o movemento, a participación e as dinámicas grupais.

Participación do alumnado: A metodoloxía está deseñada para garantir que todo o alumnado participe activamente ao longo das diferentes sesións, combinando actividades individuais, pequenos grupos e dinámicas colectivas.

Non se trata dunha actividade baseada unicamente na observación: cada participante terá diferentes oportunidades para falar, improvisar, crear, colaborar, reflexionar e expresarse, adaptando o nivel de participación ás características de cada grupo.

Coordinación co centro: Previamente ao inicio do programa establecerase unha coordinación co equipo directivo e/ou de orientación para concretar:

- Grupos participantes.
- Calendario e horarios
- Espazo dispoñible
- Necesidades específicas de apoio
- Organización do alumnado
- Coordinación co profesorado responsable.

Deste xeito, Freestyle People School adáptase ás características de cada centro, garantindo unha intervención segura, inclusiva, dinámica e compatible coa organización escolar.

ÚNETE E TRANSFORMA A CONVIVENCIA!




Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña


Potem100mos



CONTACTO

 info@poten100mos.org

 +34 625 126 235

 @freestylepeoplegz/

Freestyle People School
“De Coruña para o Mundo”